

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, XOVES, 9 DE XULLO DE 2026**PRESIDENCIA****FERROL**

12,00 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado da conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, participará no acto institucional de recepción do primeiro buque portavehículos de SAIC.

Previamente, **ás 11.00 horas**, realizará unha visita ao barco na que estará restrinxido o acceso aos medios.

E, as **11,45 horas aprox.**, poderá tomarse unha fotografía de grupo ao carón do buque portavehículos de Angie Logistics.

VERÍN (Ourense)

18,45 h.- O titular do Goberno autonómico, Alfonso Rueda, acompañado do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, e a conselleira do Medio Rural, María José Gómez, participará na inauguración da adega e restaurante Father 1943.

TURISMO DE GALICIA**SANTIAGO DE COMPOSTELA**

19,00 h.- O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, inaugurará os *Cursos de Verán* da Universidade de Santiago.

OVIEDO

18,00 h.- O comisario do Xacobeo 2027, Marcos Gómez Román, asistirá á inauguración da *VI edición de El Primer Peregrino*, festa que conmemora a viaxe a Santiago de Compostela do rei Alfonso II, considerado o primeiro peregrino da historia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA

PADERNE (A Coruña)

10,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará o hotel rural e restaurante Bemar do Camiño, un dos proxectos executados ao abeiro das axudas do Galp Ártabro Norte.

A CORUÑA

21,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, participará na inauguración do escenario principal do *Atlantic Pride*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL

FERROL

10,00 h.- A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, manterá unha reunión con representantes do club Bodyboard Ferrol.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

A PONTENOVA (Lugo)

10,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, manterá unha xuntanza institucional co alcalde, Darío Campos. Na

LUGO

12,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, participará nun encontro cos rapaces e rapazas asistentes ao *Campus Álex Llorca*.

PALAS DE REI (Lugo)

16,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, visitará o campamento xuvenil Os Chacotes.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

MARÍN (Pontevedra)

20,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, participará na inauguración das novas instalacións do Tanatorio San Marcos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL EN VIGO

VIGO

12,00 h.- A delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, asistirá a presentación do evento *Women in a Legal World*.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

ORTIGUEIRA (A Coruña)

20,00 h.- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, acompañado pola delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, e pola directora xeral de Promoción da Igualdade, Eloína Ingerto, participará no acto de inauguración dunha nova edición do *Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira*.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

BOBORÁS (Ourense)

10,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, asinará coa alcaldesa, Patricia Torres, un convenio de colaboración en materia de augas.

A ESTRADA (Pontevedra)

12,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, presentará a resolución das axudas para a mellora da xestión dos residuos de Galicia. **Haberá declaracións.**

A continuación, trasladarase ao punto limpo municipal.

SAN LÁZARO

14,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, reunirse co alcalde de Baralla, Miguel González, para abordar asuntos relacionados coas áreas da Consellería.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ABEGONDO (A Coruña)

10,00 h.- A directora xeral de Patrimonio Natural, Marisol Díaz, participará na apertura da xornada *Proxecta paisaxe nas Mariñas Coruñesas*.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

09,20 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado pola directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Cotelo, inaugurará o *Foro Ignicia: modelo de transferencia de coñecemento do Reino Unido. Políticas, organización e boas prácticas do ecosistema británico*.

SAN CAETANO

11,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, asinará coas organizacións sindicais CCOO, ANPE, UGT e CSIF o acordo para a mellora das ratios na ESO e Bacharelato.

PARLAMENTO

12,00 h.- O secretario xeral técnico, Manuel Vila, responderá na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos unha pregunta relacionada coa actividade do seu departamento.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

PONTECESO (A Coruña)

12,30 h.- A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, acompañada da delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, asistirá á presentación da futura residencia de maiores.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

BAIONA (Pontevedra)

10,45 h.- O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, visitará a escola infantil pública autonómica.

A continuación, visitará os usuarios do centro de día.

PARLAMENTO

12,30 h.- O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Jacobo Rey, responderá unha pregunta oral na Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RIBEIRA (A Coruña)

10,30 h.- O conselleiro de Facenda e Administración Pública, **Miguel Corgos**, visitará a aula CeMIT na que se está a impartir o curso *Finanzas para todos*.

PARLAMENTO

10,30 h.- A directora da Axencia Tributaria de Galicia (Atriga), Sonia Lafont, comparecerá na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos para dar conta do informe da actividade da Axencia ao longo do ano 2025.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

SAN CAETANO

10,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, manterá unha reunión co presidente do Instituto de Crédito Oficial (ICO), Manuel Illueca.

PUNXÍN (Ourense)

12,30 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, visitará os traballos das probas de carga que se desenvolven no viaduto da AG-53 sobre o río Barbantiño.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

XUNQUEIRA DE AMBÍA (Ourense)

13,30 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, asinará co alcalde, José Luis Gavilanes, o convenio de colaboración para a execución dunha actuación ao abeiro do *Plan Hurbe*.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

PORTOMARÍN (Lugo)

11,30 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, acompañado do director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, e do xerente da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, Ramón Ares, visitará o punto de atención ao peregrino de Cruz Vermella.

PARLAMENTO

10,30 h.- O xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), Antonio Fernández-Campa, comparecerá, no marco da Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, para informar sobre a formación sanitaria especializada en Galicia.

12,00 h.- O director xeral de Integración e Innovación Asistencial do Sergas, Alfredo Silva, responderá, no marco da Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, unha pregunta sobre o Hospital Povisa de Vigo.

13,00 h.- O xerente do Servizo Galego de Saúde, Luis León, responderá, no marco da Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, unha pregunta sobre o Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

CIDADE DA CULTURA

10,00 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, acompañado polos directores xerais de Cultura, Anxo M. Lorenzo, e Patrimonio Cultural, Ángel Miramontes, inaugurará o V Congreso Bandístico sobre *O patrimonio itinerante: bandas de música populares entre Europa*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

18,30 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, participará na sinatura da Declaración sobre o uso das linguas oficiais nas relacións entre a cidadanía e as forzas e corpos de seguridade do Estado, promovido pola Irmandade Xurídica Galega.

PONTEAREAS (Pontevedra)

20,00 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participará na inauguración da Feira do Libro.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

O GROVE (Pontevedra)

13,30 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, clausurará o *Encontro Internacional de Galegos no mundo*, organizado pola Asociación de Empresarios Galegos en Madrid (Aegama).

Posteriormente, ás **20,30 h.**, a conselleira de Economía e Industria, **María Jesús Lorenzana**, asistirá á cea de gala e á entrega de premios ao *Empresario galego do ano en Galicia* e ao *Empresario galego do ano no exterior*.

LUGO

13,00 h.- O director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, acompañado polo delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, presentará a sexta edición do evento *Artesanía de Galicia no Courel*.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

VERÍN (Ourense)

12,30 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañada pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez; e polo delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo; fará entrega dos títulos da concentración parcelaria de Mourazos-Tamagos-Tamaguelos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OURENSE

12,00 h.- O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, reunirase con responsables do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde).

CONSELLERÍA DO MAR

SAN CAETANO

09,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, reunirase co conselleiro de Seguridade de Euskadi, Bingen Zupiria.

PONTEDEUME (A Coruña)

11,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, asinará o convenio coa confraría de Pontedeume para recuperar os seus bancos marisqueiros.

PARLAMENTO

13,00 h.- A secretaria xeral Técnica, Marta Barreiro, responderá na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos, unha pregunta sobre o servizo de Gardacostas de Galicia.